

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

*Actualización feita:31/10/2023

1. A promoción do alumnado decidírase nos cursos 2º, 4º e 6º de Primaria. Por tanto, a promoción en 1º, 3º e 5º de Primaria será automática.
2. A permanencia no mesmo curso entenderase sempre como unha medida de carácter excepcional que só se poderá adoptar unha vez durante toda a etapa de Primaria, oídas as familias ou titores legais.
3. Cando as circunstancias persoais o aconsellen, o alumnado con necesidades educativas especiais poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias deben estar debidamente acreditadas polos servizos de orientación.
4. A decisión sobre a promoción do alumnado será tomada de xeito colexiado polo equipo docente do grupo na sesión de avaliación final, e terá en conta os criterios de promoción, así como a información e o criterio do profesorado tutor.
5. A permanencia no mesmo curso tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, sempre que o equipo docente considere que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento.
6. No caso de permanencia no mesmo curso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo.
7. De xeito orientativo (xa que as permanencias serán excepcionais e estudadas de xeito personalizado), os criterios de promoción serán os seguintes para os cursos 2º, 4º e 6º de Primaria:

Situación ó final de ciclo	Proceso a seguir
Valoración positiva en todas as áreas	Promociona ó seguinte ciclo / etapa
Valoración non positiva nalgunha ou en todas as áreas seguintes: <ul style="list-style-type: none">▪ Educación física▪ Proxecto Competencial / Relixión	Promociona ó curso /etapa seguinte cos apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Educación Plástica e Visual ▪ Música e Danza 	
<p>Valoración non positiva nunha das seguintes áreas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Lingua Castelá ▪ Lingua Galega ▪ Lingua Inglesa ▪ Matemáticas ▪ Ciencias Naturais ▪ Ciencias Sociais 	<p>Promociona ó curso /etapa seguinte cos apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas</p>
<p>Valoración non positiva en dúas ou máis das seguintes áreas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Lingua Castelá ▪ Lingua Galega ▪ Lingua Inglesa ▪ Matemáticas ▪ Ciencias Naturais ▪ Ciencias Sociais 	<p>Non promociona ó curso / etapa seguinte se se dan as circunstancias expresadas no punto 3.</p>